

Discurso no XCV aniversario de Xesús Alonso Montero *Speech on the 95th birthday of Xesús Alonso Montero*

Francisco A. Cidrás Escáneo
(Universidade de Santiago de Compostela / francisco.cidras@usc.gal)

Data de recepción: 14/03/2025 – Data de aceptación: 07/11/2025

*Excelentísimo señor Reitor da Universidade de Santiago de Compostela,
demais autoridades académicas da USC e da Universidade de Vigo,
señora Presidenta do Consello da Cultura Galega,
señor Secretario Xeral da Lingua,
señor Presidente da Real Academia Galega,
señor Tenente da alcaldesa de Lugo,
representantes da Fundación Penzol, da Fundación Otero Pedrayo, da Secretaría Nacional
do PCG,
colegas, alumnas e alumnos,
amigas e amigos, señoras e señores,*

Estamos hoxe aquí todas e todos nós convocados para celebrarmos un acto tan entrañable como merecido. Con el, e na vosa compañía, o Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela quere render homenaxe á persoa dun dos seus membros máis destacados, Xesús Alonso Montero, cun motivo moi especial.

Celebramos felizmente o seu nonaxésimo quinto aniversario, o cal supón celebrar 95 anos cheos de vida, de compromiso e de activismo intelectual e académico, pero tamén político e ético, en defensa do galego e de Galicia. Noventa e cinco anos que deron e seguen a dar moito de si, como todos ben sabemos. De entre todo ese intenso activismo, celebramos tamén nestas datas o 50 aniversario do seu lembrado *Informe -dramático- sobre la lengua gallega* que inauguraba en 1973 a lembrada colección Arealonga, que dirixía o propio Xesús. Como 95 anos de traballos e perseveranza dan moito de si, centrareime minimamente no significado desta obra, cunha perspectiva persoal, aínda que o que eu vou dicir poderían dicilo con certeza moitas persoas do meu tempo.

Hai obras que transcenden a súa importancia académica e convértense en referentes dunha época, en golpes de atención apelando á conciencia dun tempo. Pasaron case cinco décadas, pero aínda recordo a tarde en que caeu nas miñas mans por primeira vez un exemplar do *Informe -dramático-*. Unha tarde que lembro de inverno (ou acaso é que daquela sempre era inverno para segundo que cousas!). Estaba eu na Biblioteca Pública Municipal de Marín, punto de encontro da rapazada que daquela estudabamos bacharelato. Debía ser o ano 1975 ou 76, talvez o 76, porque creo que o ditador xa finara finalmente, pero non estou certo. Lembro si que Xesús estaba daquela aínda de profesor en Lugo, polo que non puido ser máis alá do 76. Eu tiña 14 ou 15 anos e caeu, como vos dicía, nas miñas mans aquel libro,

un pouco por casualidade, atraído sen dúbida polo título. Como vedes, non lembro ben o tempo, mais lembro perfectamente o libro nas miñas mans: estouno vendo agora mesmo coma se fose onte. E lembro perfectamente o impacto que a súa lectura causou naquel rapaz que eu era. Non importa que non se cumprise (felizmente) o seu augurio temporal e que o galego siga vivo aínda e siga morrendo un pouco cada día, esperemos que por moito tempo. O que a min me impactou e me importa é a badalada que aínda sinto nos meus oídos, o lategazo que aínda fere a miña memoria, a chamada de atención que aínda resoa en min. Sinceramente, non comparto a idea de quen lía naquelas verbas unha incitación ao derrotismo e ao desalento. Polo menos no meu caso foi xustamente o contrario.

Hai libros que encamiñan, sobre todo lidos en certos momentos da vida en que un sente que todo está por facer. E este é un deles; para min e estou certo que para moitas outras persoas do meu tempo. Eses libros, e outras cousas que non son libros, por suposto, van enchendo a nosa mochila cando a mochila está lixeira e precisa de cousas de peso, porque o que nos sobra son forzas e tempo. Eses libros, esas persoas, esas cousas de peso son as que me levaron a entrar nesta casa, en Mazarelos, hai agora 44 anos. Como non me foi mal de todo, aproveito para agradecerlle a Xesús a parte que lle toca. Xa ves que tardei ben tempo. Non sei se porque son desagradecido ou porque son tímido... Seguramente polas dúas cousas ao mesmo tempo.

Xa dixen antes que Xesús estaba daquela rematando o seu período lugués, onde tanta semente deixou botada. Pero para min, no soidoso Marín da miña mocidade, o profesor Alonso Montero, como outros referentes que eu precisaba naquela alba da miña futura gloria, vivía no cumio da montaña dos bos e xenerosos escollidos para a causa, un lugar inalcanzable para quen habitaba, adolescente, no val dos comúns. Malamente podía eu imaxinar que, andando os anos, ía acabar sendo compañeiro de Xesús no Departamento de Filoloxía Galega, ao que el chegou desde Vigo no ano 1989. Eu xa chegara un par de anos antes, pero foi porque, comparado con Xesús, eu collín moitos atallos. En persoa descubrín un home moito máis accesible e afectuoso do que pensara na miña adolescencia, cousa que me pasou coa maior parte dos montañeses esgrevios que eu imaxinara na miña recreación xuvenil do olimpo do galego. Estaba eu naquel outono do 89 tentando rematar a miña tese e lembro ben a Alonso Montero asistir, uns meses máis tarde, ao acto da súa defensa, do que me sentín moi gratamente pagado. Iso si, sen dicirlle nada a el *expressis verbis*, non sei se por tímido ou por desagradecido, outra volta. En fin, aproveito de novo esta oportunidade para emendar publicamente a miña omisión do deber teimosamente incumprido durante 33 anos (que parece mentira como pasa o tempo). O agradecemento ten que ser ademais dobre, porque a miña tese versaba sobre a sintaxe das construcións pasivas, e xa hai que ter ganas de asistir...

Sigo falando de Xesús (e un pouco de min, para poñelo en perspectiva!). De alí a uns anos, o profesor xubilouse. Xubilouse da súa cátedra, pero non pasou, abofé, á condición de clase pasiva. E podo dar fe diso, que para algo son doutor en pasivas e outras voces. Pero sobre todo podo dar fe a raíz de que, uns anos máis tarde, eu accedín por primeira vez á dirección do Departamento de Filoloxía Galega (e xa

vou pola cuarta quenda). Aí, na dirección do departamento, puíden descubrir un Alonso Montero que non quero deixar de salientar e de agradecer agora, sen demorarme tanto como nos outros casos devanditos. Falo dun Alonso que, embarcado noutras naves de maior calado e tonelaxe, seguiu sempre xenerosamente enrolado no seu departamento, disposto sempre a botar unha man, na medida do esperable e máis alá. Tේñollo dito aos meus colegas moitas veces e dígoo agora: creo que abusamos (mesmo con reiteración e aleivosía) da xenerosidade de Xesús, por exemplo, nas contribucións anuais á celebración do Día das Letras Galegas. E se así o fixemos —descaradamente— foi porque eu sempre percibín no profesor unha actitude que ía máis alá da aceptación do compromiso. A súa actitude transparentaba satisfacción sincera. A satisfacción (así o interpretei eu, espero que acertadamente) de quen se sente querido e considerado na súa casa, por máis tempo que pasase desde o cambio de condición administrativa que é a xubilación. Isto xa llo teño dito máis veces a Xesús, polo que agora só me repito: moitas grazas por manter tanto tempo e con tanta intensidade esa vinculación con esta que é, foi e será a túa casa.

Como na casa, en ningunha parte. Por iso cando o meu colega Henrique Monteagudo me falou da idea desta homenaxe, pareceume unha idea estupenda. Agradézolle non só a idea, senón o traballo de encargarse da organización do evento. Ao señor reitor agradézolle a súa excelente acollida e apoio ao noso plan desde o primeiro momento, e tamén aos ex-reitores da USC que o foron durante os anos de docencia universitaria de Xesús, Profs. Darío Villanueva e Ramón Villares (e aproveito para dicir que o Prof. Carlos Pajares, ex-reitor tamén, me encarga que deixe constancia da súa firme vontade de acompañarnos, imposibilitada por estar agora mesmo nun acto no que comprometera previamente a súa presenza, talmente como os reitores da Coruña e Vigo, que delega a súa representación). Agradezo tamén o seu apoio ao noso decano da Facultade de Filoloxía da USC e ao seu correspondente na Universidade de Vigo, o decano de Filoloxía e Tradución, que salientan coa súa presenza a longa vinculación académica do profesor Alonso Montero con ambos os dous centros. E en definitiva, agradezo a compañía de todas as autoridades que están aquí connosco, representación do polifacético activismo do noso homenaxeado: a súa vinculación coa Real Academia, co Consello da Cultura, coa cidade de Lugo e o seu instituto, coas fundacións Penzol e Otero Pedrayo, das que é padroeiro, e, como non, co seu sempre querido Partido Comunista de Galicia. E agradezo, en fin, a presenza de todos e todas vós, que estades aquí connosco porque estimades, coma nós, o profesor.

Pero sobre todo quero agradecerlle a Alonso Montero que accedese a celebrar unha data tan especial connosco. Xesús, espero que acabes convencido de que tomaches a decisión certa: celebrares o teu aniversario na túa casa, coa xente que te aprecia. Coa túa xente.

Moitas grazas.

